

A Comisión de Irmáns e Cuñados de FADEMGA presenta....



**QUE IMOS FACER:** Unha *Convivencia Formativa* dirixida a irmáns e cuñados de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, durante unha fin de semana.

**SOBRE QUE:** Queremos organizar en Galicia o próximo Encontro Estatal de Irmáns e Cuñados do movemento asociativo de Plena inclusión. Imos aproveitar a convivencia para elaborar cos asistentes unha proposta sobre como queredes que sexa ese futuro encontro, que temas vos pode interesar abordar e como. Para todo isto conteremos coa axuda do dinamizador Brais Fernández.

**OBXECTIVO DO FORO:** Elaborar unha proposta de como organizar o próximo Encontro Estatal de Irmáns e Cuñados (programa, lugar de celebración, temas, etc.). Dita proposta se achegará á xunta directiva da federación para que analice a súa viabilidade.

**Nº DE PRAZAS:** 20 persoas como máximo. Teñen prioridade os irmáns e cuñados de persoas con discapacidade intelectual que participen en grupos de irmáns nas súas asociacións ou na Federación.

**COTA DE INSCRIPCIÓN.** 25 € por persoa.

**ONDE:** [A Casa Antiga do Monte](https://g.page/casaantigadomonte?share) (ubicación: <https://g.page/casaantigadomonte?share>)

**CANDO:** Sábado 16 e domingo 17 de outubro de 2021.

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN:** Durante o desenvolvemento da Convivencia será obrigatorio o uso de máscara e manteremos as distancias de seguridade entre os asistentes. Teremos a disposición dos asistentes xel hidro-alcohólico e máscaras.

\*Programa financiado grazas ás persoas que marcan a X Solidaria na súa Declaración da Renda.



XUNTA  
DE GALICIA

FADEMGA  
Plena  
inclusión  
Galicia

A Comisión de Irmáns e Cuñados de FADEMGA presenta...

## PASOS PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

**SE QUERO ASISTIR, QUE FAGO.** Ir á miña asociación, cubrir a pre-inscrición cos meus datos e asinala. A asociación enviará a pre-inscrición asinada á Federación ao correo electrónico [familias@fademga.org](mailto:familias@fademga.org) Só as persoas que non sexan socias dunha asociación, poderán facer estas xestións de forma particular.

**PRE-INSCRICIÓN.** Cubrir unha ficha de pre-inscrición por cada persoa interesada, que deberá asinala. Non admitiremos pre-inscricións presentadas noutros formatos.

**COMIDAS.** Os asistentes sinalarán na pre-inscrición se precisan dieta especial (celíaca, sen sal, etc.).

### **PRAZOS.**

**Envío da pre-inscrición.** Ata o 6 de outubro.

**Confirmación das prazas.** O 8 de outubro confirmaremos as prazas as persoas interesadas. Unha vez confirmadas a prazas, a asociación enviará un xustificante de ingreso co importe total das mesmas.

**Baixas.** So se poderán comunicar baixas ata o 11 de outubro.

**Pago da cota.** Do 11 ao 15 de outubro. Unha vez confirmadas as prazas , a asociación fará un pago único polo importe total das prazas confirmadas (agás os que non pertencen a ningunha entidade), no número de conta **IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857** (unha vez pagado non faremos devolucións).

A entidade deberá enviarnos o xustificante de pago ao correo electrónico [familias@fademga.org](mailto:familias@fademga.org)

A Federación emitirá a factura correspondentes a nome da Entidade.

*\*Programa financiado grazas ás persoas que marcan a X Solidaria na súa Declaración da Renda.*



**XUNTA  
DE GALICIA**

**FADEMGA**  
 **Plena  
inclusión**  
Galicia

A Comisión de Irmáns e Cuñados de FADEMGA presenta....

## Programa

### 4ª Convivencia Formativa de Irmáns de Galicia

“A polo Encontro Estatal”

#### Sábado, 16 de outubro, de 2021

Mañá

11:00 Benvida.

11:20 O programa Apolo, un fito histórico. Brais Fernández (dinamizador).

12:00 Antecedentes: os Encontros Estatais de Irmáns e Cuñados de Plena inclusión.

14:00 Xantar.

Tarde

16:00 Definindo a misión “A polo Encontro Estatal”.

18:00 Café.

18:30 Unha viaxe no tempo, imaxinando o Encontro que queremos.

20:30 Fin da xornada

21:00 Cea. Comeza a conta atrás, é o momento de soñar.

#### Domingo, 17 de outubro, de 2021

Mañá

9:00 Almorzo co canto do galo.

10:00 Continuación do traballo do sábado: dándolle forma ao noso soño.

12:00 Descanso: un cafeciño máis para activarnos.

12:30 Presentación da proposta.

14:00 Avaliación dos resultados da 4ª Convivencia.

14:30 Xantar e fin da convivencia.

*\*Programa financiado grazas ás persoas que marcan a X Solidaria na súa Declaración da Renda.*



XUNTA  
DE GALICIA

FADEMGA  
Plena  
inclusión  
Galicia